

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 11 DE XUÑO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de xuño de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 4 de Xuño do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de

apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 26/11/2004/5438-OM/1342.

A BENITO VAZQUEZ GARCIA, na representación do OBISPADO DE OURENSE con domicilio en San Paio, para levar a cabo as obras de Rehabilitación da Casa Rectoral de San Paio sita na Praza Cruceiro, San Paio (Ref. Catastral núm. 36.39.2-10) segundo o proxecto básico e de execución dos arquitectos Dona Yolanda Docampo Parente de Don Roberto Rodríguez Martínez, con visado de data 2 de xaneiro de 2007 e Anexo, con Visado Colexial de 7 de maio de 2007.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación da Casa Rectoral de San Paio.

Contía na que se orzan as obras: 319.117 euros.

Situación e emprazamento das obras: Praza Cruceiro, San Paio.

Redactor do Proxecto: Dona Yolanda Docampo Parente e Don Roberto Rodríguez Martínez.

Nome ou razón social do promotor: Obispado de Ourense.

Prazos: Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 26.11.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 4.362,14 euros, e visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende a 319.117 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 3.934,9 euros.

Outras condicións: Consta Estudio de Seguridade e Saúde. As obras executaranse con suxeción á documentación técnica aportada e disposicións que poda establecer a Consellería de Cultura .

Baixo a dirección que consta no correspondente Encargo de Dirección , con Visado de 2 de xaneiro de 2007.

Deberanse establecer as condicións particulares da Licenza , as exixencias que se establecen na Resolución da Consellería de Cultura e que se identificou como Exp: 2007/021 RS N ° 211 de data 6/03/07.(Adxúntase fotocopia)

Previo ao inicio das obras, e con antelación suficiente presentará na Consellería de Cultura a documentación requirida e demais modificacións que lle exixe dita administración. Deberase aportar igualmente e previo ao inicio dos traballos o correspondente encargo de dirección de execución. (Nombramiento de aparelador)

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Diego Domínguez Domínguez**, con domicilio en Santa Cristina nº 4, San Paio, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Fornos nº 6, 2ºD, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Dáse conta do escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo número dous de Ourense, de 1 de xuño de 2007, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 05.06.07, polo que se comunica ao Concello que no Xulgado séguese **recurso contencioso-administrativo- Procedemento núm. 244/07-D**, a instancia De Saturnino Alvarez López S.L.. No escrito requírese a remisión no prazo de vinte días do expediente administrativo, completo, foliado e debidamente autenticado, acompañándose dun índice dos documentos que conteña, debéndose notificar nos cinco días seguintes a resolución pola que se acorda remitir o expediente, previamente a súa remisión, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que poidan persoarse como demandados ante dito Xulgado no prazo de nove días, con remisión das xustificacións dos emprazamentos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada, e acorda:

Primeiro.- Remitir o expediente administrativo ao Xulgado completo, foliado, debidamente dilixenciado e cun índice comprensivo dos seus documentos.

Segundo.- Emprazar a cantos aparezan como interesados co fin de que poidan persoarse como demandados.

Terceiro.- Nomear como avogado para dita causa a don Angel Pazos Huete.”

-“Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia para a execución do proxecto P.A.G.U.S.”

-“Da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Resolución de data 04.06.07, relativa a solicitude de Dona Josefa Congil Domínguez para a construción de dous nichos no cemiterio Parroquial de Santo André de Camporredondo”.

-“Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución complementaria de subvención por incremento de salarios de alumnos-traballadores do obradoiro de emprego “Labor Avia”, Expte. 32/00006/2006”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONCESION DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as seguintes subvencións:

Asociación Fraicellus, en concepto de participación na Cabalgata de Reis 2007, por importe de 600 euros.

Club Ribeiro F.C., completo aboamento subvención Cabalgata de Reis 2007(Recreación Belén Viviente), por importe de 751 euros.

Asociación de Veciños de Val de Pereira, complento aboamento subvención cabalgata de Reis 2007(3 carrozas), por importe de 1.800 euros.

PREMIOS COMPARSAS ENTROIDO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación os premios pola participación no desfiles do Entroido 2007 e que de seguiu transcribense:

Charanga As Quinceañeiras, por importe de 520 euros.

Charanga Segunda Idade, por importe de 256 euros.

Charanga A.P.A. Tomas de Lemos, por importe de 516 euros.

Charanga Colexio de Quins, por importe de 120 euros.

Charanga Asociación Nos, por importe de 420 euros.

Charanga Agrupación Cruz Vermella O Ribeiro, por importe de 240 euros.

Charanga Asociación Valparaiso, por importe de 700 euros.

Charanga a Comunidade, por importe de 340 euros.

Charanga Panteras de San Cristovo, por importe de 220 euros.

Charanga Grupo A Cañiza, por importe de 388 euros.

A.P.A. C.P.I. “Tomas de Lemos”, 2º premio, por importe de 600 euros.

Asociación Valparaiso, 1º premio, por importe de 900 euros.

Charanga A Comunidade, 3º premio, por importe de 400 euros.

Charangas Panteras de San Cristovo, 1º premio Parellas do Entroido 2007, por importe de 125 euros.

Charanga Segunda Idade, 2º premio Parellas do Entroido 2007, por importe de 90 euros.

Charanga As Quinceañeiras, 3º premio Parellas do Entroido 2007, por importe de 60 euros.

PETICION DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse a Orde do 14 de maio de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións as entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.

APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO IBI.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de natureza urbán e características especiais correspondente o exercicio de 2007, por importe total de 535.524,97 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 5 de Setembro de 2007, ámbolos dous inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de natureza rústica correspondente o exercicio de 2007, por importe total de 448,53 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 5 de Setembro de 2007, ámbolos dous inclusive.”

ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACION DA OBRA DENOMINADA CENTRALIZACION, XESTION E REDUCCION DO GASTO ENERXETICO DO CONCELLO DE RIBADAVIA, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE”.-

“Visto o estado procedimental no que se atopa o expediente de contratación Da obra denominada Centralización, Xestión e redución do gasto enerxético do Concello de Ribadavia.

Resultando que durante o prazo hábil aberto a tal fin, presentáronse as seguintes proposicións:

“CORUÑESA DE AHORRO ENERGETICO S.L.U”

Tralo exame da documentación presentada, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte:

1º.-Declarar admitidas as seguintes proposicións presentadas e que son as seguintes:

“CORUÑESA DE AHORRO ENERGETICO S.L.U.”

De seguido procédese a apertura do sobre 2 (Proposición económica) relativo a proposición económica do co seguinte resultado:

PROPOSICION NUM.1 , subscrita por **CORUÑESA DE AHORRO ENERGETICO S.L.U.** cuia oferta económica e a seguinte: 112.238,33 euros.

A continuación procedese a valorar a proposición presentada, de acordo cos criterios de valoración que figuran no prego de cláusulas administrativas, e que son as seguintes:

- a) Mellor oferta económica: 10 puntos.
- b) Menor prazo de execución: 10 puntos.

Por todo o anterior, e en aplicación dos criterios sinalados anteriormente e relacionados polo orde establecido no prego, resultan as ofertas valoradas do seguinte xeito:

CORUÑESA DE AHORRO ENERGETICO S.L.U., que obtén a seguinte puntuación:

- Criterio a): 5 puntos.
- Criterio b): - puntos

TOTAL: 5 puntos.

Vistas as bases do concurso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Declara válido o acto de licitación.

2º.- Adxudicar o concurso para a contratación de Consultoría e Asistencia Técnica para a execución da obra denominada “Centralización, Xestión e Redución do gasto enerxético” do Concello de Ribadavia .a empresa **CORUÑESA DE AHORRO ENERGETICO S.L.U.**, con domicilio no Polígono Pocomaco, Parcela D-2, Nave VI, A Coruña por resultar a oferta máis vantaxosa para o Concello, sendo o importe de adxudicación de 112.238,33 euros e melloras que de adxuntan na oferta presentada pola empresa..

3º.- Comunicar ó adxudicatario que deberá proceder a constitución da garantía definitiva por importe do 4% do prezo de adxudicación no prazo de 15 días naturais seguintes a notificación da adxudicación.

4º.- Comunicar ó adxudicatario, que previa constitución da garantía definitiva, deberá procederse a formalización do contrato no prazo de 30 días naturais seguintes a notificación da adxudicación.

5º.- Proceder a publicación do acordo de adxudicación no BOP de conformidade co disposto no artigo 93 do RD Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

6º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario, así como os licitadores non adxudicatarios aos que se lle deberá devolver a garantía provisional constituída ao efecto.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.